



# O patio en festa



1

# Ritmos que nos moven

## MÚSICA

Forma de expresión cultural universal.

## RITMOS LATINOS

Destacan pola súa riqueza e enerxía.

Estes xéneros naceron da fusión de tradicións locais con influencias africanas e europeas.

## ESTILOS

**Cumbia, chachachá, merengue e salsa.**

2

# Batucada

Estilo musical orixinario de Brasil, estreitamente ligado á samba e ao Carnaval de Río de Janeiro.

## MATICES AGÓXICOS

Velocidade á que se interpreta unha peza musical.

**Largo (40-60)**  
**Adagio (60-76)**  
**Andante (76-108)**  
**Moderato (108-120)**  
**Allegro (120-168)**  
**Presto (176-200)**

## MATICES DINÁMICOS

Intensidade do son nunha partitura.

<b>Pianissimo</b>	<b>pp</b>
<b>Piano</b>	<b>p</b>
<b>Mezzopiano</b>	<b>mp</b>
<b>Mezzoforte</b>	<b>mf</b>
<b>Forte</b>	<b>f</b>
<b>Fortissimo</b>	<b>ff</b>

**Ritardando**  
**Crescendo**

**rit.**  
**cresc.**

**Accelerando**  
**Diminuendo**

**accel.**  
**dim.**

# Música latina

## CUMBIA

### Colombia.

Combina **ritmos africanos** con melodías indíxenas e influencias españolas. Caracterízase por un compás de **4/4** e un ritmo pegadizo que convida ao baile.

## MERENGUE

### República Dominicana.

Ten un **ritmo rápido** en compás de **2/4**. Os **instrumentos** clave son o acordeón, a güira e a tambora, creando un son enérxico e festivo.

## CHACHACHÁ

### Cuba, anos 50.

Xénero con **ritmo moderado** e marcado pola **síncopa**. A súa estrutura facilita o baile en parella e presenta unha **instrumentación** rica en percusión e metais.

## SALSA

### Barrios latinos de Nova York, década de 1960.

Combina elementos do son cubano, o jazz e outros **ritmos afrocaribeños**. Caracterízase pola súa complexa percusión e pola **improvisación** nos instrumentos de vento e nas voces.

# 4

## Sesión de música latina

### SESIÓN

Conxunto de gravacións ou interpretacións musicais que se realizan nun mesmo período de tempo.

### LISTA DE REPRODUCCIÓN

Conxunto de cancións organizadas nunha orde determinada para a súa escoita.

### ESCALETA

Guión técnico que marca a orde dos contidos nunha emisión, espectáculo ou evento musical.



“Todo o que aprendiches” Proxecto cREAgal, publicado con licenza Creative Commons Recoñecemento Non-comercial Compartir igual 4.0